



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Telf.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BEADE, CELEBRADA O DIA 2 DE OUTUBRO DE 2025.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Beade, sendo as nove horas do día dous de outubro de dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de D. FERNANDO TABOADA GUNTÍN, reúnen-se en sesión pública os señores membros da Xunta de Goberno Local, que de seguido se citan, para celebrar sesión de carácter extraordinario. Os membros asistentes son os seguintes:

D^a. GABRIELA PÉREZ COSTA.

D. JORGE ANTONIO GONZÁLEZ ALARCÓN.

Os presentes están asistidos polo Secretario- Interventor Titular do Concello, D. PABLO FERNANDEZ LOUREIRO.

Pásase a continuación a trata-los asuntos incluídos na Orde do Día, que resultan ser:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA CON DATA 10 DE SETEMBRO DE 2025.- Os membros da Xunta de Goberno Local, por UNANIMIDADE, aproban a Acta da sesión do 10 de setembro de 2025.

2.- LICENCIAS DE OBRA.- Examinadas as peticións sobre licencias urbanísticas, por UNANIMIDADE, acórdase conceder licencias de execución de obras, salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, os seguintes señores, advirtíndolles que a mesma non producirá efectos sin o previo pago do Imposto liquidado por Intervención e, asimismo, que a licenza quedará sin efecto, de non cumprirse as condicións fixadas.

AUTORIZAR a D^a. AURORA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, con domicilio en Rúa Ribeiro, 40 (Beades), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible con ref. catastral 2066720NG7826N0001UR, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de reparación de Tellado de vivenda, segundo presuposto aportado, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal. A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 23.336,00 €..... 466,72 €.



CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 - BEADE

Tel.: 988480034. Fax: 988480075. Correo Electrónico: info@beade.es

AUTORIZAR a D^a. M^a. DEL CARMEN QUINTEIRO SANDOMINGO, con domicilio en Camiño Retortiro, de As Regadas (Beade), salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiro, para que, en inmovible con ref. catastral 0672401NG7827S0001EY, e conforme á petición formulada, poda proceder a realizar obras de rehabilitación de vivanda unifamiliar, de acordo co proxecto de data setembro de 2025, Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio de data 15 e setembro de 2025, e de acordo co Informe emitido polo Arquitecto Municipal

A presente licenza non terá validez de non acompañarse do xustificante de pago do Imposto de Construcións, cuxa liquidación ascende ao seguinte importe:

* 2% sobre presuposto de execución de 134.156,65 €..... 2.683,13 €.

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a xuntanza, sendo as nove horas e quince minutos, de todo o que, como Secretario, dou fe.



O ALCALDE,

Asdo. Fernando Taboada Guntín.



O SECRETARIO,

Asdo. Pablo Fernández Loureiro